

M<sup>a</sup> Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa a melloras na urbanización do Lagar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urbanización do Lagar é unha zona do concello onde se concentra numerosa poboación. Nos últimos anos diversas empresas acometeron obras que implicaron a apertura de zanzas en varias ocasións e en diversas rúas. Aínda que as propias empresas se encargaron de tapalas, o tempo cronolóxico e o atmosférico provocaron que na actualidade algunhas desas rúas presenten fochancas no firme que pouco a pouco se van facendo cada vez maiores, como sucede na rúa Albariño e na Travesía Fernández Varela.

Por outra parte, as baldosas de varias beirarrúas, nomeadamente a da rúa Atalaia, hai tempo que están soltas e rotas, supoñendo un perigo para as persoas que transitan por elas. O BNG xa reclamou o arranxo das mesmas nun pleno anterior.

Ademais, o pintado e sinalización viaria apenas existe na parte máis antiga da urbanización, que tampouco conta coa delimitación de prazas de aparcamento nin mobiliario urbano.

A isto hai que engadir que a maioría das rúas da urbanización non contan coa accesibilidade necesaria, o que resulta máis problemático en lugares como a Praza da Treixadura.

No BNG consideramos que a urbanización do Lagar é un lugar idóneo, dada a súa morfoloxía e carácter residencial, para iniciar a implantación de zonas 30 na Pobra e, tendo en conta que esta zona do concello necesita melloras no asfaltado, na accesibilidade, nas beirarrúas, que non se acometen desde hai demasiado tempo, esta podería ser unha boa oportunidade de iniciar tal proxecto.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Acometer o arranxos e as reformas necesarias na urbanización do Lagar para que sexa unha zona accesíbel co tránsito de vehículos limitado a 30 km/h, dotándoa da sinalización horizontal e vertical precisa, que inclúa pasos de peóns.
2. Regular, delimitar e pintar adecuadamente as zonas de aparcamento.
3. Reparar á maior brevidade o asfalto e as baldosas deterioradas.

A Pobra do Caramiñal, 15 de marzo de 2019

CONCELLO DA POBRA DO  
CARAMIÑAL  
REXISTRO ENTRADA  
2019-E-RC-1469  
15/03/2019 10:11



Asdo.: M<sup>a</sup> Cristina Andrade González  
Concelleira do GM do BNG-AA da Pobra do Caramiñal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A POBRA DO CARAMIÑAL